

# CÁNDIDO E OS DEMAIS

Texto de FRAN PINTADERA

Ilustracións de CHRISTIAN INARAJA

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 17 x 29 cm. 48 páx. 14 €.

XI PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

**Cándido e os demais** (galego)

ISBN 978-84-8464-420-0. Premio Compostela.

**Cándido y los demás** (castelán)

ISBN 978-84-8464-421-7. Premio Compostela.

**En Cándid i la resta** (catalán)

ISBN 978-84-16804-62-7. Premi Compostela.

**Kandido eta besteak** (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-068-3. Compostela Saria.

**Cândido e os outros** (portugués)

ISBN 978-989-749-109-2. Premio Compostela.

**Cándido and everybody else** (inglés)

ISBN 978-84-8464-422-4. Compostela Prize.

**Candido e gli altri** (italiano)

ISBN 978-88-95933-88-7. Premio Compostela.

*Este é Cándido. É evidente que non é coma os demais.*


*Algúns días séntese estraño. Incomprendido.*

*Outros días é el o que non entende nada...*

Todos somos diferentes. Con esta premisa preséntasenos a Cándido, unha persoa peculiar cunha gran necesidade de expresarse ante o mundo que o rodea, de ser comprendido e aceptado. Poucas veces un texto tan aparentemente sinxelo propicia unha reflexión tan fonda e necesaria nunha sociedade complexa como a actual.

O protagonista da obra distinguida co XI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado séntese estraño; comparte cos lectores a súa ollada cara ao resto da xente, á vez que somos partícipes de como os outros percíbena a el. Alieo á masa uniformizada e seguidista das tendencias cambiantes, Cándido pode sentirse fóra de lugar pero intenta pasar desapercibido; é un ser sensible á inseguridade e á soidade que se pode sentir sendo ignorado. E malia que o mundo se convertese nun lugar hostil cara á natureza e ás persoas, o positivo de todo é que sempre hai un punto de encontro que une a Cándido e os demais. Ou non todos eles. Pero esa xa é outra historia...

Fran Pintadera e Christian Inaraja son os autores deste relato circular arredor dun personaxe icónico. Paralelo á sinxeleza narrativa, a linguaxe gráfica destaca pola economía de recursos -trazos esquemáticos e grosos, fondo neutro, cores planas- e o recurso a metáforas visuais que representan o abano de emocións e sensacións que experimenta Cándido. Canda el conviven outras figuras de aparencia diversa -tamén de tipo abstracto- que achegan unha pincelada de humor e imaxinación.



■ **Temática:** diferenza, diversidade.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** textos breves, sinxeleza gráfica; historia circular; individualidade e colectividade; XI Premio Compostela.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/candido-g>

## Fran Pintadera

(As Palmas de Gran Canaria, 1982)

Licenciado en Psicopedagogía, diplomado en Educación Social e técnico superior en Integración Social. É narrador oral, director de teatro social e escritor de literatura infantil. Participou nos principais festivais peninsulares de narración. A súa obra, publicada en varias editoriais, figura nas bibliografías da Fundación Cuatrogatos e da Fundación Germán Sánchez Ruipérez. En 2017 recibiu o XIV Premio de Poesía Infantil La Luna de Aire.

<http://franpintadera.blogspot.com>

## Christian Inaraja

(Vic, 1972)

Dedicase á ilustración editorial -con máis de cen obras publicadas-, o cartelismo e colabora en varios medios dirixidos a público infantil e xuvenil. Participou en exposicións en España e noutros países. É codirector do Festival Europeo de Curtametraxes de Reus, coordina a área de ilustración na Escola de Arte ILLA de Sabadell, e formou parte da directiva na Associació Professional d'Il·lustradors de Catalunya e no Consell Català del Llibre Infantil i Juvenil.

<http://www.inaraja.com>

